

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

13730 *Real decreto 1049/2013, do 27 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 187/2008, do 8 de febreiro, polo que se establece o procedemento de integración na condición de persoal estatutario do persoal laboral da Rede Hospitalaria da Defensa.*

A disposición transitoria primeira do Real decreto 187/2008, do 8 de febreiro, polo que se establece o procedemento de integración na condición de persoal estatutario do persoal laboral da Rede Hospitalaria da Defensa, na redacción dada polo Real decreto 1721/2012, do 28 de decembro, dispuxo a conclusión do dito proceso de integración con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2014.

O Ministerio de Defensa desenvolveu nos últimos anos un esforzo considerable de reforma da rede sanitaria militar, cuxa principal función é o apoio ás operacións militares, co obxecto de mellorar a eficacia dos recursos dispoñibles. Dentro deste proceso tivo particular relevancia a reorganización da Rede Hospitalaria da Defensa, que se encontra na última fase e que se traduciu na redución do número de hospitais que a integran e a transferencia ao Instituto Nacional de Xestión Sanitaria ou a determinadas comunidades autónomas dos hospitais excedentes.

A análise da necesidade de manter dentro da Rede Hospitalaria da Defensa o Hospital Xeral Básico da Defensa de San Fernando ou a súa transferencia é un proceso complexo en que intervéñ tanto o Ministerio de Defensa como a Comunidade Autónoma de Andalucía e que na actualidade non se encontra cerrado debido, moi principalmente, á persistente situación de axuste económico que afecta igualmente ambas as administracións. A complexidade do proceso ocasionou que fose necesario prorrogar nos anos anteriores a conclusión do procedemento de estatutarización do persoal laboral da Área de Actividades Específicas do Hospital Xeral Básico da Defensa de San Fernando.

Por esta razón, e ata que conclúan os estudos pertinentes e se adopten as medidas que correspondan, resulta necesario prorrogar o prazo para a estatutarización do persoal laboral da Área de Actividades Específicas que na actualidade continúa prestando servizo na Rede Hospitalaria da Defensa.

Na súa virtude, por proposta conxunta do ministro de Defensa e da ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, coa autorización do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de decembro de 2013,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 187/2008, do 8 de febreiro, polo que se establece o procedemento de integración na condición de persoal estatutario do persoal laboral da Rede Hospitalaria da Defensa.*

A disposición transitoria primeira do Real decreto 187/2008, do 8 de febreiro, polo que se establece o procedemento de integración na condición de persoal estatutario do persoal laboral da Rede Hospitalaria da Defensa, queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria primeira. *Conclusión do proceso de integración.*

O proceso de integración do persoal laboral da Área de Actividades Específicas da Rede Hospitalaria da Defensa deberá estar concluído con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2015.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 27 de decembro de 2013.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN